

**COMUNICADO Nº 042/23
6 DE MARZO DE 2023**

**REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE
GALICIA DE MIX-CROSS 2023**

REGULAMENTO.-

A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, establece para o 2023, os seguintes Campionatos e Copas de Galicia de Mix-Cross:

- Campionato Clase A.
- Campionato Clase B.

Artigo 1.- SERÁN DE APLICACIÓN, POR ORDEN DE PRELACIÓN.

- As prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2023.
- O presente Regulamento Xeral.
- O Regulamento Particular da proba.
- O C.D.I.

1.2.- As Entidades Organizadoras deberán adoptar para cada proba as normas de organización e seguridade establecidas no C.D.I.

1.3.- Para a aprobación dos regulamentos, as entidades organizadoras deberán presentalo á F.G.A., 60 días antes da data prevista para o inicio da competición ademais do rutómetro e libro de seguridade, obrigatoriamente.

1.4.- Reparto de Premios: O reparto de premios terá lugar, salvo casos de forza maior, trinta minutos despois da apertura do parque pechado.

1.5.-O regulamento particular de tódalas probas puntuables estará conforme ó publicado neste anuario (modelo tipo abreviado) pola F. G.A.

Artigo 2.- ASPIRANTES.

Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no Anexo I. Para participar no Campionato de Mix-Cross, déixase a criterio do participante, nas probas puntuables de Rallymix facelo con copiloto ou sen él, sen penalizala participación a ningún efecto. De facelo con copiloto será o mesmo para toda a proba, non podendo modificar o mesmo nin saír sen copiloto. De inscribirse sen copiloto non poderá ser engadido despois da publicación da Lista de Inscritos selada e aprobada pola federación. Tódolos pilotos deberan telo Carné de conducir en vigor.

Artigo 3.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

En tódolos Mix-Cross, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, serán admitidos os vehículos seguintes:

-Todos os vehículos deberán cumprir co regulamento técnico do Campionato de Galicia de Autocross.

- Todos os carcros deberán levar un aletín no teito de material plástico, dunhas medidas non inferiores a 250mm x 180 mm alto, para a colocación dos números que serán entregados separados da placa e a publicidade exclusivamente para este vehículos (para facilitar a labor dos comisarios de pista e cronometradores).

- CLASES: CLASE "A":

Vehículos monoprazas de motor traseiro, construídos e concibidos para a práctica do Autocross, de 2 rodas motrices-traseiras, e propulsados por motores atmosféricos, de catro cilindros e catro tempos, cunha cilindra da máxima de 600 c.c. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A ou C) dos admitidos polo Anuario 2023. FIA CrossCar • Dacordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI.

- CLASE "B":

AGRUPACIÓN 2: Vehículos ata 1.600 c.c.

AGRUPACIÓN 3: Vehículos máis de 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.

AGRUPACIÓN 4: Vehículos máis de 2.001 c.c. ata 3.000 c.c.

AGRUPACIÓN 5: Máis de 3.001 c.c. e prototipos de 1 ou 2 motores de moto ou vehículos SCC.

AGRUPACIÓN 6: Vehículos propulsión traseira.

- Tódolos vehículos de Clase B deberán tomar a saída coa roda de repostos xunto coa ferramenta necesaria para a súa substitución (debidamente suxeitas). No caso de non cumprilo non poderán tomar saída na manga; polo que se lle aplicará o tratamento de vehículo non saído.

- A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun so vehículo.



Federación Galega
de Automobilismo



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Artigo 4.- DEREITOS DE INSCRICIÓN, XENERALIDADES.

4.1.- Establecese uns dereitos de inscrición que serán os mesmos da proba do Campionato correspondente.

4.2.- Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, seareiros, nin mecánicos.

4.3.- A non presentación a recollelos trofeos-premios suporá a perda dos mesmos.

4.4.- Premios por proba:

CLASE A	CLASE B
1º Trofeo	1º Trofeo

Artigo 5.- MODELO REGULAMENTO.

O regulamento particular de tódalas probas puntuables estará conforme ó publicado pola Federación Galega de Automobilismo correspondente a cada Campionato.

Artigo 6.- CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS.

Normas a cumprir: Serán establecidas as clasificacións seguintes:

6.1.- Unha clasificación xeral absoluta scratch (independente Clase A e Clase B).

6.2.- Se o Organizador preveise algunha clasificación máis, deberá facelo constar no Regulamento Particular da proba.

Artigo 7.- DESENROLO DA PROBA.

Será o establecido nos Campionatos de Galicia de Rallymix e Autocross.

Artigo 8.- NORMAS, DURACIÓN E CLASIFICACIÓN DA PROBA.

Será o establecido nos Campionatos de Galicia de Rallymix e Autocross.

Artigo 9.- PUNTUACIÓNS.

9.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch CLASE A no Campionato de Galicia de Rallymix (Clase A) e no Campionato de Galicia de Autocross Clase III (Carcross)

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
25	20	15	10	8	6	4	3	2	1

Outorgaráselle un punto a todos os que finalicen a proba.

9.2.- Atribucións de puntos CLASE B:

9.2.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch no Campionato de Galicia de RallyMix nas Agrupacións 2, 3, 4, 5 e 6 e no Campionato de Galicia de Autocross nas seguintes clases: Clase 1 (ata 1600 c.c.), Clase 2(máis de 1600 c.c.), Clase III (Grupo P), e Clase 7 (Tracción traseira):

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
10	9	8	7	6	5	4	3	2	1

Outorgaráselle un punto a todos os que finalicen a proba.

9.2.2.- Despois de cada proba puntuable e para cada unha das Agrupacións (Rallymix) ou Clases (Autocross), serán atribuídos uns puntos ós condutores, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

1º	2º	3º	4º	5º
15	14	13	12	11

9.2.3.- Os puntos obtidos dacordo co indicado nos apartados 9.2.1 e 9.2.3 serán sumados o total da proba considerada.

9.3.- Para os Campionatos de Galicia das Clases obterase unha clasificación scratch unicamente formada polos vehículos pertencentes a Clase A ou Clase B (independentes).



Federación Galega
de Automobilismo



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Artigo 14.- CLASIFICACIÓNS DO CAMPIONATO.

- 1.- A clasificación final do Campionato de Galicia de Mix-Cross será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha.
- 2.- Para a clasificación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento menos unha proba de cada Campionato (RallyMix e Autocross).
- 3.- Se un participante non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.

Artigo 15.- EMPATES.

Si na clasificación final varios participantes tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfixera o cita- do empate. De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

Artigo 16.- CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE MIX-CROSS.

DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA
29-04-2023	27º Autocross O Castro	Rallyactividad Competición
20/21-05-2023	2º Rallymix Sidra da Estrada	San Paio
10-06-2023	16º Autocross Carballo	Mais Motor
26/27-08-2023	3º Rallymix Concello de Portas	Portas Motor
09-09-2023	83º Autocross Arteixo	Peña Autocross Arteixo
23/24-09-2023	6º Rallymix Concello de Cuntis	Cuntis V.T.

Artigo 17.- PENALIZACIÓNS.

As penalizacións son as previstas no Regulamento Xeral de RallyMix e de Autocross 2023.

Artigo 18.- PREMIOS E TROFEOS.

Ó final da tempada previo escrutinio dos resultados outorgaranse os seguintes galardóns a:

CAMPIONATO DE GALICIA DE MIX-CROSS (CLASE A) E (CLASE B)	
Campión	Trofeo de Bronce-Ouro F.G.A.
Sub-Campión	Trofeo de Bronce-Bronce F.G.A.